

AS CONTABILIDADES REXIONAIS: APROXIMACIÓN Ó FUNCIONAMENTO DA ECONOMÍA DE GALICIA

XO AQUÍN FERNÁNDEZ LEICEAGA

Departamento de Economía Aplicada
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela

Recibido: 20 maio 1997

Aceptado: 13 xaneiro 1998

Resumo: Neste traballo compáranse as aproximacións á economía de Galicia en termos de contabilidade rexional que efectúan o Instituto Galego de Estatística e a Fundación BBV; ponse de manifesto a existencia de diferencias de método que, en parte, explican os resultados diverxentes que cada perspectiva ofrece en relación coa capacidade ou necesidade de financiamento, o volume do déficit comercial ou o signo do saldo da balanza corrente, ou o volume das transferencias públicas. Na parte final avánzanse algúns elementos que lle permitan ó lector formar unha opinión sobre cada unha das aproximacións.

Palabras Clave: Contabilidade rexional / Economía de Galicia / Balanza de transferencias / Balanza comercial e servicios.

REGIONAL ACCOUNTING: AN APPROACH TO THE PERFORMANCE OF GALICIAN ECONOMY

Summary: The approaches to Galician economy in terms of Regional Accounting carried out by Galician Institute of Statistics and BBV Foundation are compared in this paper. It is pointed out the existence of differences in method which, in part, explain the divergent results that each perspective offers with regard to the financing capacity or need, the volume of commercial deficit or the sign of the balance on current account or to the amount of public transfers. In the final part, some elements, which will permit the reader to make up an opinion about each one of the approaches, are proposed.

Keywords: Regional accounting / Economy of Galicia / Balance of transfers / Commercial and service balance.

INTRODUCCIÓN

A construción do Estado das autonomías facilitou a aparición en España dun complexo instrumental estatístico rexional que non ten parangón noutras sociedades. Ese instrumental procede de iniciativas públicas e privadas, como veremos nestas páxinas. Os seus resultados constitúen, sen dúbida, unha materia prima de interese para os universitarios preocupados polas cuestións rexionais, para os medios de comunicación —sobre todo nas comunidades autónomas que gozan dun espacio audiovisual propio—, así como para os políticos de diverso signo.

Se cadra, o escaso tempo transcorrido dende o inicio da maior parte dos esforzos emprendidos neste eido ou as dificultades intrínsecas do empeño expliquen as lagoas e deficiencias que aínda hoxe persisten. Os métodos non son sempre coincidentes; algunhas magnitudes básicas deben ser estimadas a partir dos valores co-

ñecidos para o conxunto de España; persisten diferencias entre os estudiosos sobre cómo tratar algunhas cuestións novidasas (*verbi gratia*, a rexionalización completa das actividades das administracións públicas); algúns elementos son simplemente descoñecidos. Por iso, ás veces, os resultados ofrecidos polos distintos institutos de elaboración estatística diverxen sensiblemente. Introdúcese así o desacougo no quefacer do investigador, a controversia na política, as opinións encontradas nos medios.

Esta situación reflíctese con precisión nos intentos de construción de contabilidades rexionais para as comunidades autónomas. O *Instituto Nacional de Estadística* presenta a súa¹, a partir do método SEC-REG, pero está incompleta, xa que renuncia a estimar algunhas macromagnitudes fundamentais, desenvolve só algunhas das contas dos sectores institucionais e prescinde das contas financeiras. O *Banco Bilbao-Vizcaya* completou recentemente o contido da súa serie bianual (RNEDP) coa construción dun cadro macroeconómico rexional tamén parcial² —introducindo, ademais, algunha variación significativa en relación co método SEC-REG—. Precisamente, nun número recente de *Papeles de Economía* (núm. 67, 1996), J. Alcaide utiliza esta última fonte³ para construír cadros macroeconómicos simplificados para as comunidades autónomas españolas.

Para Galicia, o *Instituto Galego de Estatística*, dependente do Goberno da Comunidade Autónoma, esfórzase, aínda que cun atraso considerable, en publicar unha *Contabilidade Rexional* (tamén a partir do sistema SEC-REG), sen a distribución da renda e os seus compoñentes segundo sectores institucionais⁴, con contas de capital moi incompletas e contas financeiras inexistentes, e deixando con carácter aberto algúns saldos ó renunciar a estimar compoñentes que afectan de xeito relevante a eses saldos. Ata o momento a serie ten cuberto o período 1990/92⁵.

A partir das aproximacións do BBV/Alcaide e do IGE pretendemos obter unha imaxe do funcionamento da economía galega. Centrémonos no ano 1991 —o único exercicio tratado, de momento, en ámbalas dúas—. Existen diverxencias significativas que afectan a algunhas relacións e variables centrais: segundo cál se considerase, daríanse respostas de sentido oposto a cuestións como a capacidade do aforro xerado para financia-lo investimento, a necesidade ou non de contribucións netas do exterior para asegura-lo gasto público efectivamente realizado en Galicia, ou o signo da balanza comercial —e do conxunto da balanza corrente—.

¹ *Contabilidad Regional de España*, INE.

² De momento, tan só existe para 1991.

³ Ampliando a súa cobertura ós anos 1993 e 1995, utilizando datos aínda non publicados polo BBV, e usando tamén a *Contabilidad regional* (INE) para completar algún oco.

⁴ Aínda que para 1990 presenta as contas das distintas administracións públicas de xeito bastante exhaustivo.

⁵ Con algúns erros relevantes para este último ano que invalidan a súa utilización.

Esta incerteza invalida a capacidade da contabilidade rexional para orientar as decisións de política económica que adopten os poderes públicos: a pluralidade de escenarios debuxados ofrece posibilidades para tódolos gustos e opinións, sen contrastación concluínte; abonda con escoller aquel que mellor se adecúe ós nosos prexuízos ou intereses. A avaliación e contrastación dos resultados ocupará a última parte do artigo.

A IMAXE DERIVADA DO CADRO MACROECONÓMICO DO BBV/J. ALCAIDE: ATRASO E DEPENDENCIA

Na aproximación do BBV/Alcaide, Galicia funciona case á perfección como unha economía atrasada no conxunto español, cun PIB per cápita marcadamente inferior á media, cunha renda dispoñible per cápita algo máis próxima e fortes déficits nas contas das administracións públicas e na balanza por conta corrente, que se compensan con subsidios públicos e entrada de capitais dende o exterior. Se non fose pola magnitude dos fluxos públicos, toda unha economía á americana, cun déficit xemelgos e tránsito de activos a mans externas. Observemos polo miúdo estes elementos.

O cadro macroeconómico do BBV/Alcaide ilustra con elocuencia a acentuada dependencia exterior da economía de Galicia. En primeiro lugar, este fenómeno tradúcese, na necesidade de contar coa contribución de recursos netos externos para manter os niveis de benestar e os ritmos de acumulación do capital, posto que as pautas de consumo privado non serían alcanzables de non mediar unha presión fiscal directa —incluídas as cotizacións sociais— reducida sobre as familias e unhas prestacións sociais de gran magnitude. Como resultado, as unidades familiares en Galicia a penas proporcionan, directamente e en termos netos, recursos para o financiamento do sector público, fronte a unha presión fiscal directa (neta de transferencias) que en España supón un 8,95% da renda directa neta das familias⁶. A dependencia amplíase ó financiamento do gasto público directo, a unha escala menor⁷ (cadro 1).

No ano 1991 a renda rexional bruta dispoñible en termos per cápita era en Galicia de 1.287.680 ptas., un 87% da media española —un nivel mellor có do PIBpm—. Gracias a unhas transferencias externas netas de certo impacto —as cuartas en termos absolutos das rexións españolas para 1995, aínda que as sétimas

⁶ En Galicia isto suporía o 0,73%.

⁷ Descontando o efecto derivado dos fluxos con orixe e destino nas familias, a acción do sector público, incluíndo investimentos, presentaría un déficit de 43.000 millóns de pesetas en 1991. O conxunto das contas públicas presenta un saldo de -255.327 millóns de pesetas; se consideramos que as cotizacións sociais e os impostos directos sobre as familias deberían xerar un excedente equivalente a un 8,95% da renda directa neta das familias, o seu valor debería ampliarse en 212.000 millóns de pesetas. O déficit restante ascende a 43.000 millóns de pesetas. Non temos en conta os gastos non territorializados do Estado.

en porcentaxe do PIB— elévese a renda dispoñible bruta, a pesar do comportamento negativo das rendas externas dos factores. Como indica Alcaide (1996, p. 17): "*La aplicación dada a las transferencias de reservas externas palía el retraso económico. Pero obviamente, no tiende a corregirlo en la mayor parte de las autonomías receptoras*" (cadro 2).

Cadro 1.- Índices por habitante do PIBpm, da demanda interior e dos seus compoñentes e do aforro bruto, 1991. Galicia en relación a España (en pesetas por habitante).

	<i>PIBpm</i>	<i>Demanda interior</i>	<i>Consumo privado</i>	<i>Consumo público</i>	<i>Investimento</i>	<i>Aforro bruto</i>
A) <i>Cálculo BBV/Alcaide</i>						
Galicia	1.250.101	1.430.376	895.629	195.934	338.814	196.117
España	1.485.374	1.529.824	957.504	226.598	345.721	295.239
Galicia/España	84,16	93,5	93,54	86,47	98	66,43
B) <i>Cálculo IGE</i>						
Galicia	1.192.794	1.216.142	769.852	140.245	306.045	309.524
Galicia/España	80,3	79,5	80,4	61,89	88,52	104,84

FONTE: Elaboración propia.

Cadro 2.- Distribución institucional da renda dispoñible. BBV/Alcaide (en millóns de pesetas)

<i>Magnitude</i>	<i>1991</i>	<i>1993</i>	<i>1995</i>
(1+2+3) Renda rexional bruta dispoñible (pm)	3.517.517	3.976.589	4.488.629
1. Aforro empresarial	276.348	330.368	483.223
2. Renda bruta dispoñible admóns. públicas	565.737	607.236	640.763
3. Renda familiar bruta dispoñible	2.675.432	3.038.985	3.364.643

FONTES: *Papeles*, núm. 67, (1996); BBV (1995). Elaboración propia.

A RRDB divídese en renda familiar (RFBD), renda de sociedades e empresas e renda das administracións públicas. Normalmente concentra maior atención a primeira, pois supón, en Galicia, as tres cuartas partes do total⁸. A RFDB situábase nesta primeira metade dos noventa entre o 91 e o 94% da media española en termos per cápita, ou mesmo nun nivel superior de utilizarmos un índice de paridade de poder de compra. A converxencia diferencial desta variable indica a acción de dous fenómenos:

- 1) O peso relativo das transferencias públicas en dirección ás familias, que asumen un protagonismo crecente desde inicios da pasada década, substituíndo ás remesas de emigrantes. De acordo co BBV (1995, p. 369), os outros ingresos familiares de carácter público non fundamental ascenderon en 1991 a 679.284

⁸ Unha das porcentaxes máis elevadas das comunidades autónomas españolas, xunto con Baleares e a Comunidade Valenciana.

millóns de ptas. (un 25,39% da RFDB), aínda que compensados co pagamento de cotizacións sociais e impostos directos sobre as familias (697.938 millóns de ptas.)⁹ (cadro 3).

- 2) A especificidade da estrutura económica de Galicia. Os estudos do BBV inclúen nas rendas primarias das familias —e polo tanto na RFD— os ingresos do factor traballo, os beneficios dos empresarios e dos traballadores autónomos agrícolas, as rendas de profesionais liberais e os beneficios doutros empresarios e traballadores independentes, entre outras partidas. Na medida en que o peso da agricultura de base familiar e da pequena empresa industrial e de servizos é maior en Galicia, estase elevando de xeito ficticio o peso da renda familiar dispoñible no conxunto da renda. Por esta razón podería ser máis sensato utilizar para efectuar comparacións interrexionais a RRBD.

Cadro 3.- Conta de renda dos fogares (en millóns de pesetas)

<i>Recursos</i>		<i>Empregos</i>	
Excedente bruto de explotación	859.269	Xuros	98.314
Rendas asalariados	1.402.712	Primas de seguros	31.311
Xuros	12.424	Impostos sobre renda e patrimonio	232.724
Dividendos	212.050	Cotizacións sociais reais	395.141
Seguros	33.550	Cotizacións sociais ficticias	70.073
Prestacións sociais	644.462	Transferencias privadas internas	.794
Transferencias privadas internas	26.331	Transferencias correntes diversas	62.621
Transferencias correntes diversas	71.246		
TOTAL	3.262.044	TOTAL	890.978
		Renda bruta dispoñible	2.371.066

FONTE: INE (1991): *Contabilidad regional*.

En segundo lugar, é necesario o financiamento dende o exterior para permitir un ritmo de acumulación que non nos afaste, cando menos, da media española; financiamento que é, sobre todo, privado, aínda que o descoñecemento das transferencias públicas de capital —sobre todo con destino en Galicia: FCI, FEDER, entre outras— impida determinar con exactitude este aspecto. Ademais, a adscrición do aforro neto empresarial á sede das sociedades impide adoptar con excesivo entusiasmo as cifras achegadas polo BBV/Alcaide.

En suma, as inxeccións externas netas á renda das familias destínanse case integramente a financiar un complemento dos gastos de consumo en vez de aforralas; as cantidades dispoñibles para o gasto directo polas administracións públicas son dunha contía apreciablemente insuficiente, polo que non sorprende que financien operacións de consumo público, desgaxando un aforro de moi escasa contía ou negativo; como ademais mantemos un coeficiente investidor moi próximo ou francamente superior á media española, segundo os anos, prodúcense dous efectos:

⁹ As cifras son tomadas polo BBV da *Contabilidad regional* do INE, Conta de renda das familias. Os outros ingresos familiares están compostos polas prestacións sociais por valor de 644.462 millóns de pesetas, transferencias privadas internacionais por valor de 25.500 millóns de pesetas en saldo, e transferencias correntes diversas por valor de 8.500 millóns de pesetas, tamén como saldo.

- a) Un déficit comercial externo elevado, debido a que a demanda interna supera con amplitude á produción. Elevouse en 1991 a 492.454 millóns de ptas. (un 14,42% do PIBpm, e mantívose en porcentaxes similares ata 1995). Só Andalucía e Castela-León presentaban números vermellos superiores. Na porcentaxe do PIB tiñan tamén un saldo negativo máis grave Ceuta e Melilla, Asturias, Estremadura e Castela-A Mancha.
- b) Unha necesidade de financiamento das operacións de capital de enorme relevancia (sobre o 10% do PIBpm), como consecuencia da distancia entre o esforzo de aforro e os gastos de investimento efectuados (389.801 millóns en 1991), sendo o segundo saldo negativo en termos absolutos, logo de Andalucía, e o terceiro en termos relativos, ó intercalarse Castela-A Mancha.

Esa cifra correspóndese co déficit da balanza por conta corrente; non integra, por tanto, as transferencias de capital. O poderoso saldo negativo da balanza comercial e da balanza por conta de renda non chega a ser anulado pola acción pública.

Vivimos por riba das posibilidades que a riqueza xerada permite. Optamos por importa-lo nivel español de consumo, empregando os subsidios na adquisición de bens e servizos en vez de utilízalos para prepara-lo futuro. Somos cigarras indolentes e despreocupadas¹⁰. As receitas son doadas: cómpre modera-lo consumo, sobre todo o privado, para eleva-la taxa de aforro, o que permitirá unha meirande acumulación de capital que nos achegará, en termos de renda rexional e non de renda dispoñible, á media española.

A IMAXE OFRECIDA POLA CONTABILIDADE REXIONAL DO IGE: ATRASO E EQUILIBRIO

Nalgún aspecto central, como a condición atrasada, a aproximación do IGE reforza os criterios do BBV/Alcaide. Sen embargo, diverxen en case que tódalas variables relevantes, tanto na contía como, cando se trata de saldos, no seu signo: Galicia exporta aforro, presenta un superávit na balanza comercial e de servizos, financia a Administración central en termos netos, e así sucesivamente. Con estes resultados a economía galega é máis harmónica e funciona con maior autonomía. De novo, cómpre descender ó detalle para ter máis claridade.

A imaxe de Galicia que se desprende da *Contabilidade Rexional* do IGE segue sendo, sen dúbida, a dunha economía atrasada —mesmo en maior medida ca para o BBV/Alcaide—. Pero, á vez, dotada dun superior equilibrio interno e dunha menor dependencia exterior. O afondamento do atraso xorde con vigor se examinámo-las columnas iniciais do cadro 1. En termos per cápita, o PIB, a demanda inte-

¹⁰ Aínda que é certo que a nosa produción recibe un apoio minguado e paga impostos indirectos elevados.

rior, o consumo privado e o consumo público afástanse significativamente da media española. O comportamento desta última variable indicaría unha certa discriminación na acción directa do sector público, en favor doutros territorios¹¹.

O equilibrio interno xorde gracias ás decisións económicas das unidades familiares, que optan por modera-lo seu consumo e lle dan prioridade ó aforro. O complemento de renda constituído polas achegas públicas serviría para alimentar ese fondo precautorio en relación coas continxencias do futuro, en vez de reproducir modos de consumo que as rendas directas netas non chegarían a financiar. Vivimos, ademais, de acordo coas nosas capacidades colectivas de xerar riqueza, por máis que os individuos dispoñan dunha renda comparativamente maior mentres que as administracións estean infradotadas.

Nun certo xeito, esta é unha visión que confirma a permanencia de trazos xa resaltados hai varios lustros: expulsión, aínda que leve, de capitais por parte da nosa economía (Barral Andrade, 1975; López Facal, 1977) derivada dunha elevada taxa de aforro e, polo tanto, dun baixo nivel de consumo; comportamento desigualitario da acción pública no conxunto español; incapacidade dos que adoptan decisións de investimento para utilizar productivamente sequera a renda aforrada polos cidadáns en Galicia (Beiras, 1976).

Este equilibrio interno reduce significativamente a dependencia exterior, a balanza de transferencias correntes presenta un saldo negativo e o aforro interno cobre as decisións de investimento. Só a imaxe da conta de renda das familias converxería coa que suscita o cadro macroeconómico do BBV/Alcaide.

Con todo, págase un prezo por esta superior autonomía: unha menor acumulación e, polo tanto, unha inferior capacidade de crecemento, perdendo posicións en relación coa media española. As decisións dos investidores non lle dan prioridade a Galicia. Non podemos ser acusados de cigarras pero tampouco convén botalas campás a voar, pois amosamos incapacidade para suscita-la chegada dos investidores externos que nos sitúen nunha senda proveitosa.

AVALIACIÓN CONXUNTA

Convén xa ofrecer algunha opinión sobre a fiabilidade de cada unha das imaxes. A do BBV/Alcaide ten a forza da tradición e da rutina, ó tratarse dun traballo que finca as súas raíces na senlleira serie da *Renta Nacional y su distribución provincial*. En favor do IGE actúa o inxente esforzo estatístico orixinal así como o tratamento concienciado das facendas territoriais: a súa *Contabilidade Rexional* resulta coherente cos resultados das *Táboas Input/Output do ano 1990* (IGE-Xunta de Galicia, 1993) así como coa información tratada nas *Contas das Administracións Públicas Galegas* (IGE-Xunta de Galicia, diversos anos). Polo demais, realízase unha recolleita de información selectiva mediante inquéritos sobre algunhas

¹¹ Non obstante, manteríanse as transferencias destinadas ás familias.

magnitudes, como os fluxos de comercio interrexional de bens industriais (IGE, 1995, p. 37). Este procedemento tamén foi usado para algunhas actividades de servizos e para a produción primaria.

A nosa opinión é que carece de sentido validar *in toto* un ou outro dos estudos citados. Existen elementos que favorecen alternativamente a cada un deles, segundo os casos, por máis que na nosa opinión a *Contabilidade Rexional* do IGE constitúa unha aproximación máis fiable unha vez eliminadas certas carencias ou emendadas algunhas apreciacións erradas.

Táboa 1.- Avaliación das diverxencias

	<i>Problema</i>	<i>Consecuencias</i>
BBV/Alcaide	Sobrevaloración das cotizacións sociais	Sobrevaloración das rendas directas antes dos impostos
	Sobrevaloración das prestacións sociais	Cómpensa-lo problema anterior Impide así que afecte á RFBFD e ó saldo da balanza de transferencias
	Sobrevaloración do consumo público	Ampliación do superávit da balanza de transferencias Elevación do consumo interior e da demanda interna
	Sobrevaloración do consumo privado	Elevación do consumo interior e da demanda interna
	Non-consideración da balanza turística	As tres anteriores: redución do aforro bruto e ampliación do déficit comercial
IGE	Sobrevaloración do IVE	Elevación do PIBpm Inversión do saldo da balanza de transferencias
	Non-inclusión das transf. privadas ext.	Lixeira diminución da RFBFD e do saldo da balanza de transferencias
	Lixeira infravaloración do consumo privado	Elevación do aforro bruto e diminución do déficit comercial. Compénsase coa anterior

FONTE: Elaboración propia.

Táboa 2.- Esquema metodolóxico simplificado

1. PRODUCTO INTERIOR BRUTO, ÓS PREZOS DE MERCADO - Impostos sobre o valor engadido e a importación = Valor engadido bruto a prezos de mercado + Subsidios de explotación - Impostos indirectos sobre a produción = <i>Valor engadido bruto a custo de factores</i>	4. CONSUMO REXIONAL TOTAL ± Saldo da balanza turística = <i>Consumo total interior</i> + Consumo privado interior + Consumo público
2. VALOR ENGADIDO BRUTO A CUSTO DE FACTORES ± Saldo das rendas externas dos factores de produción = Renda rexional bruta ± Saldo das transferencias netas = <i>Renda rexional bruta dispoñible</i>	5. PRODUCTO INTERIOR BRUTO A PREZOS DE MERCADO ± Saldo da balanza de bens e servizos = <i>Demanda interior</i> + Consumo privado interior + Consumo público + Formación bruta de capital
3. RENDA REXIONAL BRUTA DISPONIBLE + Consumo rexional total + Aforro bruto total (Aforro bruto familiar + Aforro bruto de sociedades e empresas + Aforro bruto das administracións públicas)	6. BALANZA DE PAGAMENTOS CO EXTERIOR Saldo da balanza de bens e servizos ± Saldo de rendas de factores ± Saldo de transferencias = Capacidade (+) ou necesidade (-) de financiamento

FONTE: Adaptado de Alcaide (1996).

DO PIB Ó VAB (PERSPECTIVA DA OFERTA)

Comezaremos por discuti-las diferencias nas estimacións do PIB e o VAB. Veremos que dependen de dous factores: o valor da produción imputada de servizos bancarios e a magnitude alcanzada polos impostos indirectos netos.

Na aproximación da *Contabilidade Rexional* do IGE, o produto interior bruto a prezos de mercado para o ano 1991 é inferior ó calculado no BBV/Alcaide en case 160 mil millóns de pesetas. Se, para homoxeneizar na medida do posible a metodoloxía, engadirámola produción imputada de servizos bancarios en ámbalas dúas estimacións, obteriamos cifras practicamente coincidentes¹².

De comparármolo VAB co custo de factores, elévase a diverxencia nas estimacións ata 300.000 millóns de ptas.; a cifra do IGE, moito máis baixa, achégase considerablemente á que propón a *Contabilidade Regional* (INE). O IGE estima, pois, unha cifra de impostos indirectos netos moi superior¹³ e non condicionada polo método en relación á PISB.

DO VABcf Á RENDA REXIONAL DISPONIBLE BRUTA

Entre o VABcf e a RRBDcf só se interpoñen o saldo das rendas externas e o das transferencias, en termos netos. Observaremos cómo varían os saldos de ambas subbalanzas dunha a outra estimación. Centraremos nos esforzos na comprensión das diferencias que afectan á balanza de transferencias.

A balanza de rendas externas

Para a aproximación do BBV/Alcaide o saldo da balanza de rendas prodúcese por consolidación de dúas subbalanzas de signo e significado antitéticos. Por unha parte¹⁴, o superávit da balanza por conta de renda do factor traballo (15.766 millóns de ptas.), reflectindo a saída de traballadores galegos ó exterior de xeito temporal, nunha sorte de emigración andoriña¹⁵; e unha balanza de rendas mixtas e da propiedade do capital cun déficit estimado de 81.806 millóns de pesetas, incorporando o carácter debedor da nosa economía en termos de stock de capital. Galicia compórtase de xeito similar ó conxunto da economía española.

¹² 3.472.114 millóns de pesetas para BBV/Alcaide; 3.482.982 millóns de pesetas para o IGE. Para ter un elemento de comparación externa: o PIBpm da *Contabilidade Regional* (INE) é, para 1991, sumándolle a PISB, de tan só 3.226.839 millóns de ptas.

¹³ Por exemplo, no IVE o IGE calcula 342.449 millóns e o INE só 190.460 —o que semella máis axustado—; unha relación similar establécese nos impostos sobre a produción netos de subsidios. No conxunto de impostos indirectos netos de subvencións o IGE calcula 423.691 millóns de pesetas mentres que o BBV/Alcaide só 336.917 millóns.

¹⁴ Utilizamos datos de 1991, pois a información está extraída do BBV (1995).

¹⁵ O que sen dúbida se ve facilitado pola precariedade do mercado de traballo, co fulgor dos contratos temporais.

Na versión do IGE, as dúas subbalanzas por conta de renda que previamente distinguimos continúan mantendo o seu signo, negativo para as rendas da propiedade e as empresas, e positivo para as rendas do factor traballo; con todo, agora o valor absoluto da última supera, anque lixeiramente, ó da primeira, xerando un superávit conxunto de tamaño reducido (cadro 4).

Cadro 4.- Balanza de pagamentos. IGE (en millóns de pesetas)

<i>Magnitude</i>	1990	1991	1992
1. Exportacións	1.500.469	1.545.569	1.557.227
2. Importacións	1.503.059	1.609.250	1.777.030
(1-2) <i>Saldo balanza comercial</i>	-2.590	-63.681	-219.803
3. Consumo dos non-residentes	127.322	126.359	135.421
4. Consumo residentes no exterior	33.421	37.077	39.975
(3-4) <i>Saldo balanza turística</i>	93.901	89.282	95.446
5. Rendas pagadas ó exterior	85.759	94.715	106.839
6. Rendas procedentes do exterior	92.983	98.734	113.677
(5-6) <i>Saldo balanza das rendas</i>	7.224	4.019	6.838
7. Subvencións procedentes do exterior	35.679	38.438	57.964
8. Impostos indirectos pagados ó exterior	403.331	429.620	455.610
(7-8) <i>Saldo: imposición indirecta neta</i>	-367.652	-391.182	-397.646
9. Transferencias correntes do exterior	642.165	870.016	938.116
10. Impostos directos pagados ó exterior	367.483	500.803	578.755
(9-10) <i>Saldo</i>	274.682	369.213	359.361
(7+9-8-10) <i>Saldo transferencias correntes totais</i>	-92.970	-21.969	-38.285
A. <i>Saldo operacións correntes</i>	5.565	7.451	-155.804
11. Transferencias de capital do exterior	11.975	60.593	64.815
12. Transferencias de capital ó exterior	29.575	34.961	38.032
(11-12) B. <i>Saldo de transferencias de capital</i>	-17.600	25.632	26.783
(A-B) <i>Capacidade financeira</i>	-12.043	39.135	-119.895

NOTA: Os saldos non coinciden nalgúns anos pola deficiencia da fonte. En 1990 existe un saldo de adquisición de activos de valor -11 millóns de ptas.

FONTES: TIOGA-90; CRG (1991, 1992). Elaboración propia.

Composición e saldo da balanza de transferencias

Nas estimacións utilizadas a balanza de transferencias recolle unha entrada neta de recursos desde o exterior no exercicio de 1991. Pero existen diferencias significativas tanto na magnitude coma nos compoñentes de tal resultado. Así, para o IGE, o saldo da balanza de transferencias correntes é negativo (saída de recursos) pero de pequena contía. O saldo positivo e de magnitude lixeiramente superior das transferencias de capital domina o conxunto da balanza, aínda que con valores próximos a cero. Mentres, para Alcaide, o conxunto da balanza de transferencias amosa un saldo positivo próximo ó 5% do PIB.

Discutiremos a continuación, con máis detalle, os elementos que producen estes resultados: imposición sobre as familias, prestacións sociais, imposición indirecta, transferencias correntes ás administracións públicas¹⁶.

¹⁶ Deixamos de lado os factores que non están desagregados en ambas estimacións (transferencias de capital ou transferencias correntes privadas).

♦ *A imposición sobre as familias*: na imposición sobre as familias existe unha discrepancia relevante no volume das cotizacións sociais: 465 mil millóns (BBV, INE) ou 273 mil millóns (Álvarez Corbacho, 1995)¹⁷. As cifras directas tomadas das publicacións do Ministerio de Traballo validan esta última versión: a recadación de cotas da Seguridade Social ascendeu en 1991 a 235.671 millóns de ptas. (CGRL, 1995).

Cadro 5.- Contas públicas 1991 (en millóns de pesetas)

<i>Ingresos</i>		<i>Gastos</i>	
1. IRPF	191.620	1. Transferencias á comunidade autónoma	243.128
2. Imposto de sociedades	70.240	2. Transferencias ás corporacións locais	59.600
3. IVE	136.895	3. Transferencias ó SERGAS	126.509
4. Impostos especiais	62.225	(1+2+3) Subtotal	429.237
5. Outros tributos	28.240	4. Gastos da administración periférica	119.459
6. Cotizacións sociais	273.170	(1+2+3+4) Subtotal	548.696
TOTAL	762.390	5. Pensións	330.138
<i>Promemoria</i>		6. Haberes pasivos	38.014
Ingresos tributarios admón. autonómica	45.643	7. Desemprego	72.231
Ingresos tributarios admón. local	53.954	(5+6+7) Subtotal	440.383
		TOTAL	989.079
		Gastos non-territorializados	186.667

FONTE: Álvarez Corbacho (1993, 1995).

♦ *A contía das prestacións sociais*: unha diverxencia similar preséntase no volume das prestacións sociais. O BBV, seguindo a *Contabilidad Regional*, indica a cifra de 644.000 millóns de ptas.; temos calculado para o IGE 429 mil millóns da Administración central¹⁸, ó que deberíamos engadir 64 mil millóns adicionais pola acción da Administración autonómica e local. En conxunto, 494,5 mil millóns —aínda que só as prestacións sociais da Administración central computarían na balanza de transferencias—. Realmente as cifras que non coinciden refírense ós subsidios de desemprego e ós haberes pasivos dos funcionarios públicos.

Para a primeira magnitude, a *Memoria de la Delegación del Gobierno en Galicia* (1991) ofrece unha información directa que valida as aproximacións de Álvarez Corbacho —e, por conseguinte, ó IGE—. Para a segunda carecemos de fonte fiable que permita resolve-la discrepancia.

♦ *A imposición indirecta*: tódalas informacións indican que existe unha sobrevaloración por parte do IGE das cifras do IVE e dos impostos sobre a produción e

¹⁷ Na *Contabilidad Regional* do IGE para 1991 non existe a posibilidade de determinar esta cifra; sen embargo, en 1990 supoñía algo menos de 200.00 millóns; restándolles ás transferencias correntes sen contrapartida pagadas ó resto do mundo as cantidades correspondentes ós impostos directos sobre familias e empresas —que non se discuten aquí— obtemos cifras que rondan os 240 mil millóns de pesetas.

¹⁸ Cifra similar é a estimada por Álvarez Corbacho (1995).

a importación. Álvarez Corbacho (1995, 1996) estima para o IVE, consecutivamente, 136,8 e 164,3 mil millóns de ptas.; o INE sitúa a cifra en 190.460 millóns, máis elevada pero sempre moi lonxe dos 324.449 millóns do IGE. Teñamos en conta que a estimación para 1990 realizada por este instituto sitúa o IVE no 10,5% do PIBpm en Galicia, cando en España supón o 5,5%. Esa case duplicación só pode se-lo resultado dunha sobreestimación significativa.

De ser isto así, modificaríase o saldo da balanza de transferencias públicas correntes, que se faría positivo (recepción de fondos) para Galicia, reducíndose na mesma contía o PIBpm.

♦ *A contía das transferencias correntes ás administracións públicas:* neste concepto incluímos non só as transferencias correntes cara á Administración autonómica (incluíndo o SERGAS) e local, senon tamén o gasto corrente da Administración periférica do Estado.

Non existe na aproximación do BBV/Alcaide unha formulación precisa deste agregado. Pero se aceptamos como válidas as transferencias correntes percibidas polas administracións descentralizadas calculadas polo IGE (385.870,5 millóns) e consideramos que o gasto corrente da administración periférica é todo el consumo público, podemos efectuar unha aproximación sensata; o consumo público directo da Administración central en Galicia ascendería a 207.240 millóns de ptas., co que as transferencias correntes totais suporían 593.110,5 millóns de ptas.

Para o IGE, pola contra, o consumo público directo da Administración central importaría só 55.118 millóns de ptas., e as transferencias correntes totais sumarían 440.988,5 millóns. A diferenza entrámbalas dúas aproximacións é de 150.000 millóns. Dado o método de cálculo utilizado, esa é a distancia existente no volume de consumo público total.

Un primeiro contraste podemos establecelo coa aproximación de Álvarez Corbacho (1995). As transferencias correntes totais serían o resultado de engadi-los gastos directos da Administración central (119.459 millóns de ptas.) ás transferencias desta a outras administracións (429.237 millóns de ptas.), e resta-las transferencias de capital (60.593 millóns de ptas.) e o investimento directo da Administración central (37.801 millóns). O resultado é de 450.302 millóns, cifra moi próxima á do IGE.

♦ *O saldo resultante:* coas correccións previas estamos en condicións de construír unha balanza de transferencias públicas para 1991 máis próxima á realidade. En suma, trátase de reproducir a que resulta do IGE, modificando a contía do IVE pola cifra que ofrece o INE¹⁹. O seu saldo é agora de -130.010 millóns de ptas., ou un 3,99% do PIBpm (versión IGE).

¹⁹ Na medida en que non modifiquémo-las contías dos restantes impostos indirectos estamos sobrevalorando lixeiramente a cifra de transferencias enviadas ó resto do mundo. Trátase da corrección mínima.

Se queremos obte-lo saldo completo da balanza pública de transferencias debemos incorpora-los fluxos por conta de capital. O resultado agregado indica un superávit de arredor dos 200.000 millóns, ou case un 6% do PIBpm (cadro 6).

Cadro 6.- Balanza de transferencias, Galicia, 1991 (en millóns de pesetas)

<i>Balanza pública de transferencias</i>			
<i>Transferencias ó resto do mundo</i>		<i>Transferencias do resto do mundo</i>	
1. Impostos sobre produción e importación	277.327	1. Subvencións á exportación ou importación do resto do mundo	38.438
1.1. IVE	190.146	2. Transferencias correntes	870.016
1.2. Outros impostos	87.181	2.1. Administracións públicas	385.870,5
2. Transferencias correntes	500.803	2.1.1. Administr. autonómica	322.570,86
		2.1.2. Administr. provincial	28.134,96
		2.1.3. Administr. municipal	36.775,3
		2.2. Gastos correntes Administración central descentralizada	55.118
		2.3. Axentes privados	429.027
(1+2) A. Total transferencias correntes ó resto do mundo	778.130	(1+2) D. Total transferencias correntes do resto do mundo	908.454
B. Transferencias de capital	34.961	E. Transferencias de capital do resto do mundo	60.593
		F. Formación bruta de capital da Administración central	38.701
<i>Balanza privada de transferencias</i>			
C. Transferencias ó resto do mundo	32.105	G. Transferencias do resto do mundo	59.881
<i>Saldos</i>			
<i>Balanza pública de transferencias</i>			
(D-A) Saldo transferencias correntes	130.324		
(E+F -B) Saldo transferencias de capital	64.333		
(D+E+F-A-B) Saldo total	194.657		
<i>Balanza privada corrente</i>			
(G-C) Saldo	27.776		

FONTE: Elaboración propia.

Non integrámo-los gastos non-territorializados da Administración central nin os compoñentes financeiros da fiscalidade pública. A nosa impresión é, sen embargo, que ámbolos dous compoñentes deben estar próximos a compensarse entre eles, polo que esa cifra do 6% pode ser representativa dos fluxos completos²⁰.

²⁰ Os gastos non-territorializados (incluíndo os xuros da débeda pública) son cifrados por Álvarez Corbacho en 186.667 millóns de pesetas, ou un 5,7% do PIBpm; se o que nos interesa é coñece-la necesidade de financiamento da acción pública en Galicia, debemos sumalos sen máis, así como integra-la variación de pasivos financeiros da Administración autonómica e local. Se, pola contra, queremos calcula-lo volume de recursos que producen outros territorios (a través da Administración central), temos que suma-los gastos non-territorializados e resta-la contía do déficit público que asignemos a Galicia. Neste caso, ámbolos dous agregados deberían compensarse, *grosso modo*, para 1991.

É posible, así mesmo, coa cifras do INE, completa-la balanza de transferencias con algúns compoñentes privados. Deste xeito aumenta o noso superávit con 28.000 millóns adicionais.

OS COMPOÑENTES DA PROCURA

Se na contía da RRBDpm presentábanse estimacións diferentes segundo as fontes, a súa distribución entre consumo e aforro vai acrecentar aínda máis as distancias entre as imaxes do funcionamento da economía galega proxectadas por cada unha delas. A RRBDpm permite estimar, por definición, as cantidades das que dispoñen os residentes en Galicia para financiar operacións de consumo final e de aforro.

Na versión do BBV/Alcaide para o ano 1991, o consumo final supón un 84,77% do PIB pm, co aforro bruto reducido a cifras marcadamente menores (un 15,23% do PIBpm). Ese consumo final distribúese entre consumo privado e público. O primeiro ascende a 895.629 ptas. por habitante, un 93,54% da media española; o segundo sitúase en 195.934 ptas. per cápita, cunha porcentaxe nitidamente inferior (86,47%)²¹. Mentres, o aforro bruto só acada un 66,43% da media española en termos per cápita. Este nivel é imputable tanto ó aforro familiar (situado nun 75,1%) coma, sobre todo, ó empresarial (un 59,1%). Non obstante, "*así como la parte del ahorro empresarial bruto que procede de las amortizaciones, estimada según el consumo de capital fijo calculado, se adscribe al lugar en que se sitúa la planta o el establecimiento, EL AHORRO NETO EMPRESARIAL (beneficios no distribuidos de las sociedades y empresas) SE ADSCRIBE A LA SEDE DE LA SOCIEDAD O EMPRESA* (Alcaide, 1996, p. 19)"²².

Sen embargo, na versión do IGE, o consumo total supón unha porcentaxe máis reducida (só o 73,83%) da RRBD, elevando marcadamente a taxa de aforro (ata un 26,17%). O IGE calcula (ver Anexo) un consumo interior de algo menos de 2,5 billóns de ptas, mentres que Alcaide o sitúa en cifras moi próximas ós 3 billóns. Tanto o consumo privado interior coma o consumo público amosan niveis inferiores.

Pero, para determina-la utilización da renda, convén coñece-lo consumo rexional, que se afasta do interior no saldo da balanza turística. O consumo interior dos non-residentes en Galicia supera sempre con amplitude o consumo dos residentes no exterior, permitindo a aparición dun saldo positivo en niveis próximos ós

²¹ Notemos que, en termos de PIBpm, o consumo é interior, mentres que en termos de RRBDpm o consumo debería ser rexional. Polo tanto, Alcaide non ten en conta as variacións que introducen os movementos turísticos nos gastos de consumo.

²² As maiúsculas son nosas. Éste é o método que segue o BBV a partir dos datos provinciais da recadación do imposto de sociedades. Entre 1991 e 1995 o aforro bruto empresarial sobe ata un 65% da media española. Esta infraestimación do aforro bruto empresarial afecta tamén á contía da RRBD e ó PIB.

100.000 millóns de ptas. Deste xeito, o consumo privado rexional é aínda inferior ó consumo privado interior, rondando aquel os 2 billóns de ptas. en 1991²³.

Se a RRBDpm é lixeiramente inferior que a calculada por BBV/Alcaide, mentres que o consumo total —agora nacional— é marcadamente menor, o aforro bruto aumentou decisivamente. Tanto que consegue financiar toda a formación bruta de capital²⁴ e xerar un cativo excedente. Un aforro bruto en 1991 de 845.518 millóns de pesetas supón 309.524 ptas. por habitante en 1991, superando con certa amplitude o esforzo español (105%). O aforro total sería agora o 26,04% da RRBDcf, o que situaría a Galicia entre as CC.AA. de maior propensión ó aforro, en termos similares ás do País Vasco, Navarra ou Madrid (táboas 19-1, 2 e 3 de Alcaide).

Dado que tamén a formación bruta de capital é levemente máis reducida, a demanda interna a penas si supera ó PIBpm, polo que o saldo da balanza comercial permanece en números vermellos aínda que presenta un déficit de pequena contía en 1991²⁵. A FBC tería catro destinos privilexiados, en termos sectoriais: construción e obras de enxeñería civil (54,3%), produtos metálicos (24,3%), material de transporte (8,3%) e servicios destinados á venda (7,1%).

Discutiremos con máis detalle algúns dos elementos anteriores: consumo privado e total, demanda interna e saldo da balanza de bens e servicios.

♦ *Consumo privado e consumo total:* As discrepancias no consumo privado e no consumo total son moi importantes entrámbolos dous traballos, como xa indicamos. Para avalia-las cifras do BBV/Alcaide debemos ter en conta a seguinte observación: *Nuestra estimación supera en el 31,1% a los resultados obtenidos por la Encuesta de Presupuestos Familiares de 1990/91, lo que confirma como la economía sumergida está computada en nuestro estudio. Nuestra estimación supera en el 9,4% a la computada en la Contabilidad Regional del INE, que a su vez, corrige en el 19,8% a los resultados obtenidos en la Encuesta de Presupuestos Familiares* (BBV, 1995, p. 18). No consumo público as cifras do INE tamén se aproximan máis, aínda que por baixo, ás que subministra o IGE e que consideramos máis adecuadas.

Non estamos en condicións de ofrecer unha avaliación directa desta cuestión. Sen embargo, volveremos a ela unha vez que analicémo-lo saldo da balanza comercial e de servicios: a consecuencia das magnitudes do BBV/Alcaide é un déficit elevadísimo dela; se ese resultado fose pouco probable, habería que desconfiar das cifras do consumo privado e total.

²³ A estimación polo INE (*Contabilidad Regional*) desta magnitude sitúase en cifras intermedias: o consumo final das familias sobre o territorio económico sería de 2.172.162 millóns de pesetas, moito máis próxima á cifra do IGE ca á do BBV/Alcaide.

²⁴ ¡Que está, sen embargo, calculada a prezos de mercado!

²⁵ En 1990, demanda interna e PIB pm practicamente coincidían.

♦ *Saldo da balanza comercial e de servicios:* Unha das principais diverxencias establécese no saldo da balanza comercial, que no BBV/Alcaide se trata como un simple saldo, mentres que no IGE se obtén por estimación directa a partir dunha enquisa ampla, aproveitando a experiencia das TIOGA-90. Esta última fonte ten a vantaxe, ademais, de ofrecer información desagregada por sectores e áreas de orixe e destino. No ano de referencia existiría así un pequeno superávit coa CEE e co resto de España e un déficit máis relevante co resto do mundo, cun saldo global negativo de escasa contía.

Impoñense dúas observacións:

- a) A conformidade deste resultado coas TIOGA-90. Os signos dos saldos con cada rexión coinciden, así como a orde de magnitude dos intercambios. Sen embargo, detéctase un agravamento do déficit do comercio externo, pola deterioración do excedente do comercio interrexional e a caída na taxa de cobertura co resto do mundo.
- b) Se atendemos á evolución do comercio internacional *stricto sensu* podemos obter algunha información relevante para avalialo conxunto. Tomamos de González Laxe (1996) as cifras que figuran no cadro do anexo, con información entre 1990 e 1995. Notemos que as cifras de 1990 non coinciden coas das TIOGA-90, debido ós distintos criterios de contabilización de importacións e de exportacións. Pero o importante é a tendencia: agravamento lixeiro do déficit entre 1990 e 1992 (congruente co que observamos antes —ver tamén Otero Simón, 1996—) e recuperación posterior nun contexto de forte expansión do comercio externo.

Polo tanto, a única forma de valida-las cifras de BBV/Alcaide é supoñer que tiivo lugar unha deterioración moi significativa nas relacións comerciais interrexionais, partindo ademais dunha seria ocultación —non detectada nas TIOGA-90— de importacións procedentes do resto de España. Este cambio tería que producirse xustamente cando ten lugar a mellora dos saldos internacionais. ¿Un encarecemento proporcionalmente máis importante das importacións en Galicia, debido ás desvalorizacións, que repercute na competitividade interrexional? Non é compatible coa abertura exterior relativamente reducida de Galicia no conxunto das comunidades autónomas. ¿Unha reorientación cara ó exterior da produción —o que explicaría o forte incremento das exportacións internacionais—, descoidando o mercado español? Opción que non resulta moi explicable en termos de estratexia empresarial.

♦ *Demanda interna:* Se, pola contra, é o IGE o que se aproxima máis á realidade, deberíamos supoñer que ten lugar unha sobrevaloración da demanda interna por parte do BBV/Alcaide (do consumo privado e público). Esta é a hipótese

que nos semella máis probable: un consumo público da orde dos 383.104 millóns e un consumo privado interior da orde dos 2.172.197 millóns de ptas²⁶. (consumo interior total de 2.555.301 millóns de ptas.). Se mantémo-la cifra da FBC obtemos unha demanda interna de 3.480.829 millóns de ptas., xerando un déficit na balanza comercial de a penas 66.000 millóns de ptas. —cifra que coincide coa que manexa o IGE—.

Pero, daquela, o aforro bruto ascendería a unha cantidade sensiblemente superior á manexada polo BBV/Alcaide. Teríamos que aplicarlle ó consumo total o saldo da balanza turística para calcula-lo consumo rexional (2.466.019 millóns de ptas.); co valor da RRBD do BBV/Alcaide o aforro bruto superaría o billón de pesetas. As cifras propostas polo IGE parecen máis realistas, minguando a RRBDpm e o aforro bruto en aproximadamente de 200.000 millóns de pesetas (cadro 7).

Cadro 7.- Investimento en Galicia, 1991 (en millóns de pesetas)

<i>Público</i>	<i>Privado de infraestructuras</i>	<i>Resto privado</i>	<i>Total</i>
169.428,6624	14.410,9274	537.957,2111	721.796,8009

FONTE: Pérez e outros (1996). Elaboración propia.

As cifras de FBC presentadas polo BBV/Alcaide tamén poderían estar sobrevaloradas, ó contrastalas coas que facilita o IVIE (BBV, 1996). O IGE sitúa a súa estimación entrámbalas dúas. As dificultades aparecen no cómputo do investimento privado, que no IGE supera en máis de 100.000 millóns as cifras do IVIE. Ámbalas dúas consideracións reforzan a idea dun aforro bruto que excede os gastos en formación bruta de capital²⁷.

RESUMO: OS SALDOS DAS SUBBALANZAS

Os saldos parciais da balanza de pagamentos que resultan do noso exercicio son os seguintes (seguimos sempre razoando sobre o exercicio de 1991):

- Un déficit na balanza comercial de só un 2% do PIBpm²⁸. A balanza interrexional mantén un lixeiro superávit, igual có comercio coa Unión Europea, máis que compensados nas relacións co resto do mundo. Os intercambios interrexionais superan o 78% do total.
- Un superávit na balanza de servizos con valores próximos ó 3% do PIBpm, grazas sobre todo á contribución do turismo; e un signo similar pero de menor contía na balanza de rendas (0,12% do PIBpm).

²⁶ Cifra proposta polo INE.

²⁷ Para unha avaliación alternativa, que reforza esta idea, ver Rodríguez Sánchez, 1992.

²⁸ Aínda que o déficit é crecente: un 6,3% en 1992.

- Un saldo negativo da balanza de transferencias correntes totais, da orde do 0,7% do PIBpm, como resultado dunha balanza de transferencias correntes (no sentido da *Contabilidade Regional*) cun altísimo superávit (11,3% do PIBpm) máis que compensada polo xogo dos impostos indirectos e dos subsidios á produción e importación (-12% do PIB).
- Como resultado, a balanza de operacións correntes aparece compensada. As transferencias de capital presentan un saldo positivo xerando unha suave pero significativa capacidade de financiamento da economía de Galicia.

REFLEXIÓNS FINAIS

A imaxe ofrecida polo IGE sae favorecida do contraste que efectuamos, por insuficiente e parcial que aquel fose. Só a sobrevaloración do IVE —que afecta ó valor do PIBpm e distorsiona o saldo da balanza de transferencias públicas—, a non-inclusión das axudas privadas externas e unha lixeira infravaloración do consumo privado afectan ós seus resultados.

Para rematar debemos referirnos a dúas das cuestións que suscita esa imaxe.

A primeira, o carácter das transferencias públicas. O saldo positivo máis relevante prodúcese na subbalanza social (relación entre cotizacións pagadas e prestacións percibidas); é o que tivo un crecemento máis agudo nos últimos anos. Pero cómpre lembrar que as pensións —compoñente fundamental das prestacións— constitúen dereitos individuais devengados ó longo da vida activa de cada individuo e recibidos con independencia do lugar de residencia durante o período de percepción. O retorno de emigrantes nas últimas dúas décadas ten elevado o superávit desta subbalanza.

Na subbalanza estritamente pública convén destacar que o consumo público se sitúa por baixo do nivel español en termos per cápita, afectando á provisión de servizos educativos ou sanitarios; que o investimento público ten un comportamento razoable polo esforzo da Administración autonómica, pero a Administración central ten discriminado a Galicia ó longo da década dos 80 e primeiros anos 90²⁹; e que os subsidios de explotación amosan un nivel inferior ó da meirande parte das CC.AA.

En consecuencia, prodúcese un desequilibrio na solidariedade interrexional en favor do consumo das familias e en contra da actividade empresarial, ou a dotación de servizos colectivos e de infraestrutura. Pero son estes os elementos centrais nunha estratexia de desenvolvemento.

A segunda cuestión alude ás dificultades para a promoción do investimento nunha contía que permita acelera-la converxencia coa media española. A aproxi-

²⁹ Posiblemente, esta situación modificouse nos últimos anos, ó igual que a referida ó consumo público.

mación do IVIE (1996) amosa a dificultade da economía galega para medrar a un ritmo superior ó español. Dado que os factores productivos clásicos —terra, traballo, capital— son relativamente abundantes e que nos últimos anos ten aumentado considerablemente a cualificación da man de obra dispoñible, convén preguntarse polos factores que dificultan esa superación. O déficit en infraestruturas —conectado co punto anterior— e as debilidades da estrutura empresarial son claros favoritos para cumprir ese papel. En ámbolos dous casos unha acción pública máis decidida podería desenvolver un papel destacado.

ANEXO

Cadro 1.- Do PIBpm ó VABcf. Galicia, 1991-1995, BBV/Alcaide (en millóns de pesetas)

Magnitude	1991	1993	1995
1. PIBpm	3.414.864	3.805.115	4.285.610
2. Impostos importación e IVE	217.583	240.500	217.250
(1-2=3) VABpm	3.197.281	3.564.615	4.068.360
4. Imposición neta sobre a produción	119.434	125.926	111.446
5. Producción imputada de servizos bancarios	-57.250	-68.144	-69.426
(3-4-5) VABcf	3.135.097	3.506.833	4.026.340

FONTES: *Papeles*, núm. 67, (1996); BBV (1995). Elaboración propia.

Cadro 2.- Composición do VABcf por sectores, 1991. Diversas estimacións

	Millóns de pesetas correntes			Porcentaxes		
	BBV	IGE	INE	BBV	IGE	INE
(3+6+7+8-9) VABcf	3.135.097	2.834.619	2.752.518			
1. Agricultura (A)	199.576			6,37		
2. Pesca (P)	87.040			2,78		
(1+2=3) (A)+(P)	286.616	253.487	288.264	9,14	8,94	9,79
4. Enerxía		253.526	162.695		8,94	5,52
5. Resto industria		517.462	450.922		18,26	15,31
(4+5 =6) Industria	685.618	770.988	613.617	21,87	27,20	20,83
7. Construción	356.308	252.263	304.166	11,37	8,90	10,33
8. Servizos	1.806.555	1.557.881	1.739.296	57,62	54,96	59,05
			2.945.343			
9. Producción imputada de servizos bancarios			-226.189			

FONTE: Elaboración propia.

Cadro 3.- Do VABcf á RRBDpm. BBV/Alcaide (en millóns de pesetas)

Magnitude	1991	1993	1995
1. VABcf	3.135.097	3.506.833	4.026.340
2. Saldo rendas externas	-66.040	-50.792	-42.145
(1-2=3) RRBCf	3.069.057	3.456.041	3.984.195
4. Saldo de transferencias	168.693	222.266	245.164
(3-4=5) RRBDcf	3.237.750	3.678.307	4.229.359
6. Diferencia PM/CF	279.767	298.282	259.270
(5+6=7) RRBDpm	3.517.517	3.976.589	4.488.629

FONTES: *Papeles*, núm. 67, (1996); BBV (1995). Elaboración propia.

Cadro 4.- Balanza de renda por compoñentes. BBV/Alcaide, 1991. Millóns de pesetas

Rendas do traballo	15.766
Rendas mixtas e do capital	-81.806
TOTAL	-66.040

FONTE: BBV (1995).

Cadro 5.- Contas das administracións públicas. BBV, 1991 (en millóns de pesetas)

	<i>Ingresos</i>		<i>Gastos</i>
1. Cotizacións sociais	465.188	1. Pensións Seguridade Social	331.950
2. Imposición directa sobre familias	232.905	2. Desemprego	123.334
3. Imposición directa sobre empresas	65.949	3. Clases pasivas	190.774
4. Impostos indirectos	337.017	4. Consumo público	535.226
(1+2+3+4) A. TOTAL	1.101.059	5. Investimento público	175.102
(A-B) SALDO	-255.327	(1+2+3+4+5) B. TOTAL	1.356.386

FONTE: BBV (1995). Elaboración propia.

Cadro 6.- Distribución da renda rexional bruta dispoñible (RRBD) entre aforro e consumo. BBV/Alcaide (en millóns de pesetas)

<i>Magnitude</i>	<i>1991</i>	<i>1993</i>	<i>1995</i>
(1+2) RRBD (pm)	3.517.517	3.976.589	4.488.629
1. Consumo total	2.981.790	3.413.259	3.763.905
2. Aforro bruto	535.727	563.330	724.724
2.1. Aforro bruto familiar	228.868	274.467	288.453
2.2. Aforro empresarial	276.348	330.368	483.223
2.3. Aforro público	30.511	-41.505	-46.952
3. Formación bruta de capital	925.528	930.176	1.161.220
(2-3) Capacidade de financiamento	-389.801	-366.846	-436.496

FONTES: *Papeles*, núm. 67, (1996); BBV (1995). Elaboración propia.**Cadro 7.-** Distribución da demanda interna. BBV/Alcaide (en millóns de pesetas)

<i>Magnitude</i>	<i>1991</i>	<i>1993</i>	<i>1995</i>
(1+2) A. Demanda interna	3.907.318	4.343.435	4.925.125
1. Consumo total	2.981.790	3.413.259	3.763.905
1.1 Consumo privado	2.446.564	2.764.518	3.076.190
1.2 Consumo público	535.226	648.741	687.715
2. Formación bruta de capital	925.528	930.176	1.161.220
A. Demanda interna	3.907.318	4.343.435	4.925.125
B. PIB pm	3.414.864	3.805.115	4.285.610
(B-A) Saldo balanza comercial	-492.454	-538.320	-639.515

FONTES: *Papeles*, núm. 67, (1996); BBV (1995). Elaboración propia.**Cadro 8.-** Balanza de pagamentos. BBV/Alcaide (en millóns de pesetas)

<i>Magnitude</i>	<i>1991</i>	<i>1993</i>	<i>1995</i>
1. Saldo balanza comercial	-492.454	-538.320	-639.515
2. Saldo rendas externas	-66.040	-50.792	-42.145
3. Saldo de transferencias	168.693	222.266	245.164
(1+2+3) Capacidade de financiamento	-389.801	-366.846	-436.496

FONTES: *Papeles*, núm. 67, (1996); BBV (1995). Elaboración propia.

Cadro 9.- Do PIB ó VABcf. IGE (en millóns de pesetas)

<i>Magnitude</i>	<i>1990</i>	<i>1991</i>	<i>1992</i>
1. PIBpm	2.987.525	3.258.320	3.464.238
2. IVE	314.879	324.449	390.841
3. Imposición neta sobre a importación	13.037	11.601	6.500
(1-2-3=4) VABpm	2.659.609	2.922.270	3.066.897
5. Imposición neta sobre a produción	67.718	87.651	30.040
(4-5) VABcf	2.591.891	2.834.619	3.036.857

FONTES: TIOGA-90; CRG (1991, 1992). Elaboración propia.

Cadro 10.- Do VABcf á RRBDcf. IGE (en millóns de pesetas)

<i>Magnitude</i>	<i>1990</i>	<i>1991</i>	<i>1992</i>
1. VABcf	2.591.891	2.834.619	3.036.857
2. Rendas pagadas ó exterior	85.759	94.715	106.839
3. Rendas percibidas do exterior	92.983	98.734	113.677
(2-3=4) Saldo balanza rendas	7.224	4.019	6.838
5. Imposición indirecta neta	27.982	38.571	38.861
(1+4+5=6) RRBCf	2.627.097	2.877.209	3.082.556
7. Transf. correntes pagadas ó resto do mundo	367.483	500.803	578.755
8. Transf. correntes percibidas do resto do mundo	642.165	870.016	938.116
(7-8= 9) Saldo balanza transf. correntes	274.682	369.213	359.361
(6+9) RRBDpm	2.901.779	3.246.422	3.441.917

FONTES: TIOGA-90; CRG (1991, 1992). Elaboración propia.

Cadro 11.- Balanza de transferencias desagregada. IGE, 1991 (en millóns de pesetas)

<i>Transf. ó resto do mundo</i>		<i>Transf. do resto do mundo</i>	
1. Impostos sobre produción e importación	429.620	1. Subvencións á exportación ou importación do resto do mundo	38.438
1.1. IVE	342.449	2. Transferencias correntes	870.016
1.2. Outros impostos	87.181	2.1. Administracións públicas	385.870,5
2. Transferencias correntes	500.803	2.1.1. Administración autonómica	322.570,86
3. Transferencias de capital	34.961	2.1.2. Administración provincial	281.34,96
		2.1.3. Administración municipal	36.775,3
		2.2. Gastos correntes Administración central descentralizada	55.118
		2.3. Axentes privados	429.027
		3. Transferencias de capital do resto do mundo	60.593
		4. Formación bruta de capital da Admón. central	38.701
<i>Saldos</i>			
Saldo transferencias correntes	-21.969		
Saldo transferencias de capital	64.333		
Saldo total	42.364		

FONTE: IGE (1995). Elaboración propia.

Cadro 12.- Os compoñentes da procura. IGE (en millóns de pesetas)

<i>Magnitude</i>	1990	1991	1992
(1+2) A. Demanda interna	2.990.115	3.322.101	3.684.041
1. Consumo interior	2.279.526	2.486.086	2.839.715
1.1. Consumo privado interior	1.895.593	2.102.982	2.380.991
1.2. Consumo público	383.933	383.104	458.724
2. Formación bruta capital	710.589	836.015	844.326
A. Demanda interna	2.990.115	3.322.101	3.684.041
B. PIBpm	2.987.525	3.258.320	3.464.238
(B-A) Saldo balanza comercial	-2.590	-63.781	-219.803
(1+2) C. RRBDcf	2.901.779	3.246.422	
1. Consumo rexional	2.185.622	2.396.904	
1.1. Consumo privado rexional	1.801.689	2.013.800	
1.2. Consumo público	383.933	383.104	
2. Aforro bruto	716.157	845.518	
Diferencia aforro bruto/formación bruta de capital	5.568	9.503	

NOTA: Existe un erro nos datos da CR de 1992 que impide utiliza-las súas cifras para o consumo privado rexional.

FONTE: TIOGA-90; CRG (1991, 1992). Elaboración propia.

Cadro 13.- Relacións comerciais sectoriais (en millóns de pesetas)

<i>Sector</i>	<i>Exportacións</i>				<i>Importacións (SA)</i>			
	<i>Total</i>	<i>R. España</i>	<i>U. Europea</i>	<i>R. mundo</i>	<i>Total</i>	<i>R. España</i>	<i>U. Europea</i>	<i>R. mundo</i>
Sector primario	101.474	98.467	2.903	404	125.518	71.752	19.495	34.271
Enerxía	214.921	200.960	11.495	2.466	173.505	87.677	11.054	74.774
Minerais metálicos	68.098	45.634	17.344	5.120	80.508	59.925	10.622	9.961
Minerais non-metálicos	54.921	29.297	21.217	4.407	58.734	53.510	3.475	1.749
P. químicos	36.166	24.463	7.745	3.958	99.561	83.629	12.831	3.101
P. metálicos	39.914	24.809	8.585	6.520	301.334	250.406	37.775	13.153
M. transporte	377.463	275.411	76.069	25.983	190.177	107.869	76.477	5.831
Ind. agroalimentarias	264.822	223.123	32.962	8.737	193.262	161.219	11.287	20.756
Ind. vestido	65.861	59.058	5.632	1.171	142.561	123.098	16.004	3.459
Papel e transf.	11.521	4.304	5.711	1.506	35.415	30.796	3.331	1.288
Ind. diversas	102.445	91.473	7.352	3.620	91.682	74.163	10.449	7.070
Servicios	207.863	163.767	37.671	6.425	128.594	124.161	3.972	461
TOTAL	1.545.469	1.240.766	234.686	70.017	1.620.851	1.228.205	216.772	175.874
<i>Sector</i>	<i>Saldo</i>				<i>Taxa cobertura</i>			
	<i>Total</i>	<i>R. España</i>	<i>U. Europea</i>	<i>R. mundo</i>	<i>Total</i>	<i>R. España</i>	<i>U. Europea</i>	<i>R. mundo</i>
Sector primario	-24.044	26.715	-16.592	-34.167	80,84	137,23	14,89	0,30
Enerxía	41.416	113.283	441	-72.308	123,87	229,20	103,99	3,30
Minerais metálicos	-12.410	-14.291	6.722	-4.841	84,59	76,13	163,28	51,40
Minerais non-metálicos	-3.813	-24.213	17.742	2.658	93,51	54,75	610,56	251,97
P. químicos	-63.395	-59.166	-5.086	857	36,33	29,25	60,36	127,64
P. metálicos	-261.420	-225.597	-29.190	-6.633	13,25	9,91	22,73	49,57
M. transporte	187.286	167.542	-408	20.152	198,48	255,32	99,47	445,60
Ind. agroalimentarias	71.560	61.904	21.675	-12.019	137,03	138,40	292,04	42,09
Ind. vestido	-76.700	-64.040	-10.372	-2.288	46,20	47,98	35,19	33,85
Papel e transf.	-23.894	-26.492	2.380	218	32,53	13,98	171,45	116,93
Ind. diversas	10.763	17.310	-3.097	-3.450	111,74	123,34	70,36	51,20
Servicios	79.269	39.606	33.699	5.964	161,64	131,90	948,41	1393,71
TOTAL	-75.382	12.561	17.914	-105.857	95,35	101,02	108,26	39,81

FONTE. IGE (1995). Elaboración propia.

Cadro 14.- Comercio internacional de Galicia

	1990	1991	1992	1993	1994	1995
1. Importacións	415.520	421.208	437.680	527.731	585.504	651.394
2. Exportacións	283.273	267.807	278.894	431.534	485.769	569.029
(2-1) Saldo	-132.247	-153.401	-158.786	-96.197	-99.735	-82.365

FONTE: González Laxe (1996).

BIBLIOGRAFÍA

- ALCAIDE INCHAUSTI, J. (1996): "Contabilidad Regional de las Autonomías: un modelo simplificado", *Papeles de Economía Española*, núm. 67.
- ÁLVAREZ CORBACHO, X. (1993): "Fiscalidade, urbanismo e desenvolvemento económico de Galicia", *Revista Galega de Economía*, vol. 2, núm. 2.
- ÁLVAREZ CORBACHO, X. (1995): *La agonía del municipalismo*. Fundación Caixa Galicia.
- BANCO BILBAO-VIZCAYA (1995): *Renta Nacional de España y su distribución provincial, 1991*.
- BARRAL ANDRADE, R. (1975): *O aforro e a inversión en Galicia*. Sept.
- BEIRAS, X.M. (1973): *O atraso económico de Galicia*. Galaxia.
- CASTAÑÓN LLAMAS, L. (1995): "Umha perspectiva agregada sobre os fluxos financeiros externos da economía galega", en X. Fernández Leiceaga e outros [coörd.]: *Estudos en Homenaxe ao Profesor Xosé Manuel Beiras Torrado*. Universidade de Santiago de Compostela.
- CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS (1992): *Informe sobre a situación laboral da Comunidade Autónoma Galega en 1992*.
- CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS (1993): *Informe sobre a situación laboral da Comunidade Autónoma Galega en 1992*.
- CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS (1994): *Informe sobre a situación laboral da Comunidade Autónoma Galega en 1993*.
- CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS (1995): *Informe sobre a situación laboral da Comunidade Autónoma Galega en 1994*.
- CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS (1996): *Informe sobre a situación laboral da Comunidade Autónoma Galega en 1995*.
- DELEGACIÓN DO GOBERNO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (1991): *Memoria de la Delegación del Gobierno en Galicia, 1991*.
- EUROSTAT (1988): *Sistema Europeo de Cuentas Económicas Integradas-SEC*. INE.
- GONZÁLEZ LAXE, F. (1996): "Galicia fronte á globalización: A rivalidade interterritorial. Principais notas económicas relevantes", *Galicia en Clave Económica*, núm. 2, (decembro).
- INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA (1994): *Táboa Input-Output e Contabilidade Rexional de Galicia*. Xunta de Galicia.
- INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA (1995): *Contabilidade Rexional de Galicia, 1991*. Xunta de Galicia.
- INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA (1996): *Contabilidade Rexional de Galicia, 1992*. Xunta de Galicia.

- INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA (1994): *Contas das Administracións Públicas Galegas, 1990*. Xunta de Galicia.
- INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA (1995): *Contas das Administracións Públicas Galegas, 1991*. Xunta de Galicia.
- INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA (1996): *Contas das Administracións Públicas Galegas, 1992*. Xunta de Galicia.
- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA (varios anos): *Contabilidad Regional de España 1991*.
- LÓPEZ FACAL, X. (1977): *La expulsión de recursos financieros y el crecimiento económico de Galicia*. Sodiga.
- MUÑOZ CIDAD, C. (1989): *Introducción a la economía aplicada*.
- OTERO SIMÓN, M. (1996): "As capacidades comerciais da industria galega", *Análise Empresarial*, núm. 24.
- PÉREZ, F.; GOERLICH, F.J.; MAS, M. (1996): *Capitalización y crecimiento en España y sus regiones, 1955-1995*. Fundación BBV.
- RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, J.A. (1992): "O aforro en Galicia", *Revista Galega de Economía*, vol. 1, núm. 1.

